



Memoria de actividade. OSIMGA

Ano 2012

**4º Pleno do Observatorio da Sociedade da
Información e a Modernización de Galicia**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1	Introdución
2	Obxectivos
3	O OSIMGA en cifras
4	Pleno do OSIMGA. Ano 2012
5	Actuacións e proxectos

1. INTRODUCCIÓN

Este documento presenta un balance dos servizos e actuacións desenvolvidas durante o ano 2012 polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia. O principal obxectivo desta memoria anual é difundir de maneira conxunta os resultados de todas as actividades realizadas por parte do OSIMGA durante ese período de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2012, aprobado no Pleno celebrado o 2 de maio de 2012. As actividades do OSIMGA enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal

Durante o ano 2012, destaca a intensa colaboración establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e o Instituto Galego de Estatística (IGE), no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica. Esta colaboración frutificou coa sinatura dun convenio para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos indicadores de seguimento sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dun xeito sistemático todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as observacións de carácter xeral como as de carácter temático. Esta memoria comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

Este documento describe tamén o estado dos proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2012-2016, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa web e as canles 2.0 como principais instrumentos de difusión.

Por último, abórdanse as actividades de participación, colaboración e organización de eventos realizadas polo Observatorio durante este ano para promover o intercambio de experiencias e información.

2. Obxectivos



*Órgano para avaliar o avance da
Sociedade da Información*

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.

- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan o estado de situación ou a evolución prevista.
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

3. O OSIMGA EN CIFRAS

19 informes realizados

524 indicadores monitorizados

20 colaboracións establecidas con outras entidades

45 boletíns informativos

+1.800 subscriptores en liña

64.701 visitas á web OSIMGA

5.391 visitas medias mensuais da web

205 noticias e análises publicadas na web

Evolución do OSIMGA desde a súa creación

Desde a creación do OSIMGA, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou un amplo esforzo para ampliar a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.

As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA.

Por este motivo, neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e amósase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizadas como o incremento significativo das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA


Nos tres últimos anos, o OSIMGA despregou unha intensa labor de análise a través da elaboración de diagnósticos e estudos temáticos, triplicando a cifra inicial de informes que se realizaron no primeiro ano de existencia do Observatorio e publicando 19 estudos no ano 2012.



O incremento de estudos realizados é o resultado directo do aumento dos indicadores monitorizados polo OSIMGA nos tres últimos anos. Inicialmente, o OSIMGA comezou monitorizando cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e Administración. Actualmente, xa se superan os 500 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA e atendendo ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia.




Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades do OSIMGA a través da súa web. No ano 2012, o número medio mensual de visitas á web do OSIMGA situouse en 5.391 visitas, triplicando o valor de partida do ano 2010.




O boletín electrónico informa semanalmente aos nosos subscritores das noticias elaboradas polo OSIMGA, acompañado dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A boa acollida deste servizo queda reflectido no aumento dos subscritores nun 5,76% no período 2010-2012.

NÚMERO DE SUBSCRIPTORES AO BOLETÍN SEMANAL DA WEB DO OSIMGA



O OSIMGA analiza tamén a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información. No ano 2012, o OSIMGA elaborou máis de 200 análises e noticias, un 45,4% máis que no ano 2010.


NÚMERO DE ANÁLISES E NOTICIAS ELABORADAS



4. Pleno do OSIMGA. Ano 2012

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2012 teñen como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), celebrado o 2 de maio de 2012 na Cidade da Cultura.

O Pleno do Observatorio estivo presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.



Estrutura do Pleno do OSIMGA. Relación de asistentes. 2 de maio de 2012

PLENO DO OSIMGA. Ano 2012

PRESIDENTA:
Dna. M^a del Mar Pereira Álvarez.
Directora da Amtega

Secretario:
D. Jesús Castro Barreiro. Xefe do departamento
de Relacións Institucionais. Amtega

Vogais

Dna. Yolanda García Ulla.
Directora da área de Sociedade Dixital . Amtega

Dna. María José García Sexto. Directora da área de
Modernización das Administracións Públicas, Amtega

D. Ricardo Capilla Pueyo. Director da Axencia Galega de
Innovación. Consellería de Economía e Industria

D. Norberto Uzal Tresandí. Director Xeral de Admón Local.
Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza.

D. Jaime Bouzada Romero. Director Xeral de Avaliación e
Reforma Administrativa. Consellería de Presidencia, AA.PP. e
Xustiza.

Dna. Elena Barba Pan. Secretaria da Xunta Consultiva de
Contratación Administrativa. Consellería de Facenda

D. Juan Arias Rodríguez. Representante do Consello Galego
de Universidades.

Dna. Amelia González Brandariz. Representante da
Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez. Personalidade de
recoñecido prestixio en materia de modernización

D. Pedro Martín Jurado. Director do Observatorio Nacional
de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la
Información (ONTSI).

Persoas convidadas

Representantes de Confederación de Empresarios de Galicia
:Dna. Araceli de Lucas Sanz
Dna.Silvana Puga Gándara
Dna.Marta Amate López

Representantes de organizacións sindicais:
D. Castor Fernández Soto. CCOO.
D. José C. Rodríguez del Río. UGT – Galicia
Dna. Susana Méndez Rodríguez. CIG

Excusaron a súa asistencia:

D. José A. Campo Andión. Director do Instituto Galego de Estatística. Consellería de Facenda.

D. Enrique Dans Pérez. Personalidade de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información.

Neste Pleno presentouse o balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal para o período 2009-2011 e avalíouse o estado da Sociedade da Información en Galicia a través dos principais datos estatísticos. Ademais, dando cumprimento ás directrices do Decreto de creación do OSIMGA, presentouse a súa Memoria Anual e aprobouse o Plan de Traballo do Observatorio para o ano 2012.

Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal para o período 2009 – 2011



O Goberno galego fixo fai tempo unha aposta pola tecnoloxía, unha aposta pola economía do coñecemento a través dunha nova folla de ruta: Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

O informe Balance 2009-2011 da Axenda Dixital foi presentado o pasado 2 de maio de 2012 aos integrantes do pleno do Observatorio para a Sociedade da Información (Osimga) xunto co plan de traballo deste organismo, dependente da Amtega, para 2012.

Informe sobre o Estado da Sociedade da Información en Galicia



No Pleno presentouse un informe sobre os últimos datos estatísticos dispoñibles da situación actual da Sociedade da Información en Galicia nos seguintes ámbitos de observación: eGoberno, cidadanía, empresas e sector empresarial TIC.

Estado da Sociedade da Información en Galicia
Principais datos estatísticos

Entre as conclusións máis relevantes, salientouse:

- A posición destacada de Galicia na administración electrónica, sinalando a evolución positiva na interacción da cidadanía e empresas coas AAPP a través de Internet
- O ritmo de crecemento dos principais indicadores sobre equipamento e uso das TIC na cidadanía galega, maior en Galicia que a media estatal, e a análise dos factores que inflúen no avance das TIC na nosa Comunidade.
- A fenda dixital entre as empresas de 10 e máis traballadores/as e as microempresas
- O sector TIC galego mantén o nivel de emprego e incluso incrementa o número de empresas.

A Directora da Amtega sinalou que debe terse en conta o singular perfil sociodemográfico da sociedade galega que inciden na comparativa dos datos entre as Comunidades Autónomas e que se porá especial atención naquelas cuestións nas que se dispón da capacidade de mellora: infraestruturas de telecomunicacións, uso das TIC polos maiores e á compra pública innovadora da Administración, que exerce un efecto tractor no resto de sectores produtivos.

Memoria de actividade e Plan de Traballo do OSIMGA

O Pleno do Observatorio do ano 2012 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que configuraron o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano 2012 e a memoria de actividades.



Presentación do Decreto polo que se modifica o Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, polo que se crea e se regula o OSIMGA.

A Directora da Amtega dou conta no Pleno do ano 2012 do Anteproxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Este decreto será aprobado no ano 2013 polo Consello de Xunta.

A Directora da Amtega sinalou a necesidade de modificar o Decreto de creación do OSIMGA coa finalidade de atender aos cambios organizativos xurdidos pola creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e da Axencia Galega de Innovación e para incorporar como vogais do Pleno aos representantes das organizacións sindicais e empresariais, dando cumprimento aos acordos da Mesa Xeral de Diálogo Social do 30 de xullo de 2010.

5. Actuacións e proxectos

A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2012, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2012, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Liñas de actuación estratéxicas

- 1 **Informes de carácter xeral**
- 2 **Estudos temáticos**
- 3 **Proxectos en colaboración co IGE e no marco do IV Plan Galego de Estatística**
- 4 **Sistema de información e vixilancia**
- 5 **Colaboracións**



Liña 1 – INFORMES DE CARÁCTER XERAL

No ano 2012, o OSIMGA focalizou a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes catro colectivos.



COLECTIVOS ANALIZADOS

Fogares



Empresas



Sector TIC




eAdministración





Fogares



- Coa colaboración do IGE
- 1.692 enquisas presenciais aos fogares galegos



Avalía a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega (Ano 2011)

O OSIMGA contou co asesoramento e colaboración do **Instituto Galego de Estatística.**

Ofrece información estratéxica sobre o equipamento dos fogares galegos e o uso das TIC por parte da poboación galega

Perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia e que inflúen no avance das TIC na nosa Comunidade:

Convivencia con nenos/as ou estudantes no fogar.

idade, **o tipo de hábitat**, o sexo, o nivel de estudos a situación laboral, o volume de ingresos

Ademais, **a través do IGE, xa se iniciou a recollida de datos para unha nova edición** da enquisa aos fogares galegos (Ano 2012) que serán analizados polo OSIMGA e publicados no ano 2013



- Especial atención ás microempresas e autónomos



A Sociedade da Información
nas empresas de Galicia

Edición 2012

Atendendo á especificidade de cada un destes dous segmentos empresariais, o traballo de campo contou coa realización de:

1.057 enquisas entre as empresas de menos de 10 traballadores/as e 629 enquisas entre as empresas de 10 e máis empregados/as.

Estas dúas enquisas do OSIMGA proporcionan, ademais dos valores globais de cada indicador, a desagregación por outras variables de interese:

**Número de empregados/as,
actividade económica, provincia e
condición xurídica da empresa.**



Sector TIC



- Estudo de referencia do sector empresarial TIC galego
- Indicadores incluídos no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016



A Sociedade da Información
nas empresas TIC de Galicia

Edición 2012

Este informe presenta os datos obtidos a partir da enquisa **realizada polo OSIMGA**. O traballo de campo contou coa realización de **445 enquisas**.



Complementase con información procedente do IGE e INE, relativa ao número de empresas, emprego e contribución do sector TIC ao PIB galego

Proporciona unha perspectiva comparada atendendo ao número de empregados/as, actividade económica e provincia.



- O OSIMGA analizou o avance dos servizos públicos da administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos

Os indicadores incluídos na Enquisa da Administración Electrónica do Observatorio de Administración toman como modelo o cuestionario do Observatorio de Administración Electrónica (OBSAE) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que se desenvolve no marco dun **grupo de traballo no que interveñen todas as Comunidades Autónomas e coa participación do OSIMGA.**

A Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia (Ano 2011) foi realizada en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital e do **Plan eConcellos.**

Estes estudos analizan a dispoñibilidade de equipamento informático, **procedementos e trámites proporcionados pola Xunta de Galicia e concellos a través de Internet**, canles de comunicación para facilitar a participación dos cidadáns a través de medios electrónicos e inclúe indicadores específicos sobre o uso do software libre

Estas dúas estatísticas do OSIMGA **están incluídas no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016**



Liña 2 – ESTUDOS TEMÁTICOS

No ano 2012, O OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos, que teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación, preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2012. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático, do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



Áreas temáticas e colectivos específicos

Autónomos



Mulleres tecnólogas



Emprego no Sector TIC



Software libre



Pemes

Software libre




Empresas informáticas

Software libre



Concellos

Banda larga Fogares



Banda larga Empresas





Autónomos



XUNTA DE GALICIA



- 1º estudo específico no ámbito das TIC que se realiza entre os autónomos galegos
- Coa colaboración da Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA)

Trátase do primeiro estudo específico no ámbito das TIC que se realiza entre os autónomos galegos, con **máis de 500 enquisas realizadas neste colectivo.**

Pon de manifesto que tanto a dispoñibilidade como a utilización de equipamento tecnolóxico **é sensiblemente menor** entre o colectivo de empresarios autónomos que entre as empresas galegas que se constitúen como sociedades.

Inclúe unha **análise sectorial** que permite concluír que: existe un maior uso entre os autónomos do sector das actividades profesionais, científicas e técnicas e actividades administrativas.

Os autónomos que presentan un menor nivel de tecnificación son os dos sectores de Transporte e Almacenamento e Construción.



- Realizado no marco da:



No sector TIC galego traballan 5.886 mulleres e 9.587 homes, o que corresponde a unha proporción do 38% e o 62% - ano 2012 -.

O informe **xurde da necesidade** de realizar un seguimento da incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral en Galicia, no marco das liñas de actuación desenvolvidas pola Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia na que participa a AMTEGA.

Con este obxectivo presentouse este documento que recolle datos actualizados do uso das TIC:

- na poboación,
- nas empresas
- e nas universidades galegas desde a perspectiva de xénero.





Emprego no sector TIC

- O sector TIC galego resiste o envite da crise económica e mantén o mesmo volume de emprego directo desde o ano 2009




A situación do emprego no sector TIC e no sector da economía do coñecemento. Ano 2012

Este informe, **elaborado polo OSIMGA**, analiza os datos que facilita o IGE, procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización da Seguridade Social do ano 2012.



Complementase con información sobre as **iniciativas** desenvolvidas pola Xunta de Galicia para fomentar a xeración de emprego, lograr o equilibrio territorial e reducir a fenda de xénero no sector TIC e no conxunto dos sectores que conforman a economía do coñecemento en Galicia

Proporciona unha perspectiva comparada atendendo ao réxime da Seguridade Social, provincia, actividade económica e xénero.



- O OSIMGA analiza o avance da implantación do Software Libre nas empresas e na Administración

Os indicadores destes tres estudos proceden de módulos específicos incluídos nas enquisas de carácter xeral.

Os resultados obtidos demostran que a tendencia no uso do software libre continúa a ser moi positiva.

Os estudos realizados no ámbito empresarial ofrecen **evolucións desde o ano 2006** e datos específicos segundo número de empregados/as das empresas, actividade económica e provincia.

Estes estudos confirman que as actividades que se veñen promovendo desde a AMTEGA para o fomento do Software Libre no sector empresarial están **en sintonía** coas demandas do sector empresarial:

por exemplo, a celebración de xornadas de demostración no CDTIC, a formación a través do CNTG, servizo de soporte de primeiro nivel a través da Oficina de Coordinación de Software Libre e do CDTIC ...

3 estudos específicos sobre **Software Libre**:
Pemes, Empresas informáticas e Concellos



2 estudos específicos sobre Banda Larga: Fogares e Empresas



1

A Banda Larga nos fogares galegos

2

A Banda larga nas Empresas

- Estes dous informes indican que as actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia, no marco do Plan de Banda Larga 2010-2013, teñen o seu reflexo nos avances na contratación de banda larga nos fogares e empresas galegas



Entre as principais conclusións obtidas destes estudos:

- Mellora da competitividade empresarial coa extensión da banda larga
- Sensibilizar e formar sobre a utilidade das TIC, claves para superar as barreiras
- Se están a despregar redes de nova xeración e as tecnoloxías de mobilidade cobran relevancia





Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016

Durante o ano 2012, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e o Instituto Galego de Estatística (IGE) desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Alguns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE son:

O OSIMGA acadou o **100% de execución** nas catro operacións e actividades estatísticas incluídas no Programa Estatístico Anual correspondente ao ano 2012

Sinatura dun **Convenio de colaboración** para optimizar a recollida de datos a fogares e empresas, o que suporá un **aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais**

Inclusión da **“Enquisa ás empresas TIC”** no IV Plan Galego de Estatística 2012-2016



Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE
E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016



A continuación, relaciónanse os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recae na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA. Para cada un destes proxectos, expóñense as principais características:

Código	Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividade estatística do IV Plan Galego de Estatística	Estado/Grao de execución Ano 2012
	Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estadísticas nos fogares e nas empresas	Asinado e en vigor
	Solicitud de inclusión da “Enquisa ás Empresas TIC” no IV Plan Galego de Estatística 2012-2016	Concedido
41-101	Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	En curso Grao de execución: 100%
41-301	Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia	En curso Grao de execución: 100%
41-302	Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia	En curso Grao de execución: 100%
AE219	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	Actividade estatística Grao de execución: 100%

Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE
E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016



**Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE
e inclusión da “Enquisa ás Empresas TIC” no Plan Galego de Estatística**

O Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estadísticas nos fogares e nas empresas foi asinado o **19 de outubro de 2012** e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013

Cales son os beneficios deste convenio?

- ✓ Aforro de máis de 50.000 euros anuais e evítase duplicidade das enquisas
- ✓ Aumento de mostra de 7.000 enquisas a fogares
- ✓ Integración anual de indicadores sobre novas tecnoloxías na Enquisa “Condicións de Vida das Familias”
- ✓ Módulo amplo sobre novas tecnoloxías na Enquisa “Condicións de Vida das Familias” cada cinco anos
- ✓ O IGE facilitará ao Osimga os resultados sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas galegas, procedentes de enquisas INE
- ✓ Obtención, a través do IGE, de datos das empresas multilocalizadas



Para executar os compromisos asinados neste convenio, as diferentes entidades implicadas traballaron no ano 2012 na integración e inclusión de novos indicadores sobre tecnoloxías nos cuestionarios oficiais dos dous institutos estatísticos, IGE e INE.

Ademais, a Amtega solicitou no 2012, a inclusión da “Enquisa ás Empresas TIC” no IV Plan Galego de Estatística 2012-2016 e no Programa Estatístico Anual correspondente ao ano 2013. Como resultado desta xestión, por primeira vez, esta enquisa está incluída no Programa Estatístico Anual 2013 e elaborárase un proxecto técnico no ano 2013 para certificar que este estudo se realiza conforme os máximos criterios de rigor estatísticos.

Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE
E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016



**Actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.
Edición 2012**

Dando cumprimento ao programa estatístico anual para o ano 2012, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 39 indicadores, que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.



XUNTA DE GALICIA

A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos

En 2012 o OSIMGA realizou unha nova edición das Estatísticas sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos de Galicia, xa descritas anteriormente.

En cumprimento do Programa estatístico anual 2012, no mes de decembro, o Observatorio remitiu ao IGE os resultados destas dúas operacións estatísticas.



Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2012, o Observatorio intensificou os seus esforzos para xestionar e ofrecer á sociedade galega o máximo nivel de información de calidade, actualizada e analizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

No pasado ano, incrementáronse significativamente os indicadores analizados e as análises de estudos externos realizados polo OSIMGA e os resultados obtidos son altamente positivos, quedando claramente reflectidos no importante aumento de visitantes da web do OSIMGA.





Significativo aumento das visitas á web do OSIMGA www.osimga.org

A web do OSIMGA, realizada en código aberto, é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.


O **portal web do OSIMGA recibiu 64.701 visitas, un 85% máis que o ano anterior**, e preto de 30.000 visitantes distintos durante o ano 2012. Atendendo á evolución mensual correspondente ao ano 2012, cabe salientar que a partir do mes de setembro superáronse os 3.000 visitantes mensuais distintos e no mes de novembro acadouse o pico de visitas anual con máis de 4.800 visitantes distintos e máis de 7.800 visitas.

Evolución no ano 2012	Visitantes distintos	Número de visitas	Páxinas vistas
Xaneiro 2012	1561	4518	11477
Febreiro 2012	1342	4176	12055
Marzo 2012	1783	5219	15015
Abril 2012	1784	4135	11763
Maio 2012	2005	4800	16246
Xuño 2012	1987	5263	12637
Xullo 2012	1835	4617	11773
Agosto 2012	2196	4730	9996
Setembro 2012	3069	6280	13029
Outubro 2012	3952	7329	15408
Novembro 2012	4889	7837	16278
Decembro 2012	3245	5797	11615
BALANCE 2012	29.648	64.701	157.292

Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



Atendendo á evolución anual dos principais indicadores relacionados coa web no último ano, obsérvase que o incremento de análise e estudos publicados na web do OSIMGA ten correspondencia co incremento de visitantes que acceden e consultan os produto e servizos que ofrece a web do OSIMGA



Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



A través da súa web e do seu boletín semanal de actualidade, **que conta xa con máis de 1.800 subscriptores**, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de xeito cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia.

A integración coas canles 2.0 da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica permite avanzar cara ao modelo de administración aberta, primando as relacións cos cidadáns e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa



iMit @iMitXunta
O **Osimga** comeza a recollida de datos dunha nova edición das enquisas ás empresas TIC dlvr.it/30TqyY

iMit @iMitXunta 28 dic
OSIMGA publica a edición actualizada do sistema de indicadores da sociedade da información de Galicia dlvr.it/2jNTOr
Abrir

Revista Innovamás @Innovamas_ 1 oct
Galicia es la sexta comunidad autónoma con mayor número de empresas del sector TIC, según datos del **OSIMGA** fb.me/1VwHCVGZI
Abrir



Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA dou continuidade en 2012 ás tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se aproveitan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Os principais estudos externos analizados en 2012 foron:

ENTIDADE	INFORME ANALIZADO
ADIGITAL	"Libro Blanco del Comercio Electrónico 2011", Asociación Española de la Economía Digital (ADIGITAL) y RED.ES, 2012
AIMC	"La Radio: Tradicional vs Online", Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), 2012
AIMC	"Audiencia de Internet Abril/Mayo", Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), 2012.
AIMC	"14ª Encuesta a Usuarios de Internet: Navegantes en la Red", Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), IV Trimestre 2011.
AIMC	"Estudio General de Medios 2012: Audiencia de Internet", Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), 2012.
AMETIC	"Estudio sobre salarios y política laboral en Hipersector TIC 2011", Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2012.
AMETIC	"Mapa hipersectorial de las TIC", Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2012.
AMETIC	"La Industria de los Contenidos Digitales 2012", Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2012
AMETIC	"Las Tecnologías de la Información en España 2011", Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2012.
AMETIC	"Las Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en la empresa española 2011", Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2012.
ANEI	"Análisis de Optimización Web: Ahorro de ancho de banda en la prensa digital española",

	Asociación Nacional de Empresas de Internet (ANEI), 2012
ASOCIACIÓN DE INTERNAUTAS	"III Estudio sobre bulos y fraudes en Internet", 2012.
CENATIC	"Software Libre en los organismos públicos de ámbito estatal 2011", Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basadas en fuentes abiertas (CENATIC), 2012.
CENATIC	"Uso de Software Libre en los hogares españoles 2011", Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basadas en fuentes abiertas (CENATIC), 2012.
CENATIC	"Actividades de Innovación Tecnológica e I+D con Software Libre", Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basadas en fuentes abiertas (CENATIC), 2012.
CENATIC	"Uso de Software de Código Abierto en las microempresas españolas 2011-2012", Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basadas en fuentes abiertas (CENATIC), 2012.
CMT	"Informe sobre el comercio electrónico a través de entidades de medios de pago", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), III Trimestre 2011.
CMT	"Informe sobre el comercio electrónico a través de entidades de medios de pago 2011", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), 2012.
CMT	"Informe Anual 2011", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), 2012
CMT	"Informe sobre los consumos y gastos de los hogares españoles en los servicios de comunicaciones electrónicas", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), I semestre 2011.
CMT	"Informe de Seguimiento de la Situación Competitiva de la Banda Larga en España", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), 2012
CMT	"Informe e-commerce", Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), II Trimestre 2012
CMT	[Notas mensuales e informes trimestrales], Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), 2012.
COMISIÓN EUROPEA	"Study on Impact assessment for legislation on mutual recognition and acceptance of e-Identification and e-Authentication across borders", Comisión Europea, 2012.
COMISIÓN EUROPEA	"Developing Key Competences at School in Europe", Comisión Europea, 2012.
CPEIG	"Open Data e RISP: xerando valor social e económico", Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), 2012
EUROSTAT	"Computer skills in the EU27: E-Skills Week 2012", Eurostat, 2012.
EUROSTAT	"ICT usage in enterprises 2012", Eurostat, 2012
FUNDACIÓN ORANGE	"eEspaña 2012", Fundación Orange, 2012.

FUNDACIÓN TELEFÓNICA	"La Sociedad de la Información en España 2011", Fundación Telefónica, 2011.
FUNDACIÓN VODAFONE	"TIC y Mayores conectados al futuro", Fundación Vodafone, 2012
FUNDETEC	"El trabajador autónomo y la Sociedad de la Información 2011", Fundación para el Desarrollo Infotecnológico de Empresas y Sociedad (FUNDETEC), 2012.
FUNDETEC	"Informe ePyme 2011", Fundación para el Desarrollo Infotecnológico de Empresas y Sociedad (FUNDETEC), 2011
INE	"Uso de las TIC y del comercio electrónico en las empresas 2011/2012", Instituto Nacional de Estadística (INE), 2012.
INE	"Equipamiento y uso de las tecnologías de la información y la comunicación en los hogares". Instituto Nacional de Estadística (INE), 2012.
INTECO	"Estudio sobre el fraude a través de Internet", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), II Cuatrimestre 2011.
INTECO	"Estudio sobre la seguridad de las redes inalámbricas (wifi) en los hogares españoles", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), II Cuatrimestre 2011.
INTECO	"Estudio sobre la seguridad en dispositivos móviles y smartphones", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), II Cuatrimestre 2011
INTECO	"Estudio sobre la seguridad de la información y la e-confianza de los hogares españoles. Informe Anual 2011", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2011.
INTECO	"Estudio sobre cloud computing en el sector público en España", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012
INTECO	"Estudio sobre el fraude a través de Internet: Informe Anual 2011", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012.
INTECO	"Estudio sobre seguridad en dispositivos móviles y smartphones: Informe Anual 2011", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012.
INTECO	"Estudio sobre seguridad de la información y continuidad de negocio en las pymes españolas", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012.
INTECO	"Estudio sobre seguridad de la información y la e-confianza de los hogares españoles", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012.
INTECO	"Guía para empresas: Identidad digital y reputación online", Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2012.
OCDE	"Infraestructuras de comunicación: Evaluaciones clave y propuestas de acción", OCDE, 2012.
ONTSI	"La Sociedad en Red 2011", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012
ONTSI	"Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en las Pymes y grandes empresas españolas. Edición 2011", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la

	Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONTSI	"Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en la microempresa española. Edición 2011", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONTSI	"Las TIC en los hogares españoles", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), III Trimestre 2011.
ONTSI	"Las TIC en los hogares españoles", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), IV Trimestre 2011.
ONTSI	"Cloud Computing: Retos y Oportunidades", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONTSI	"Los ciudadanos ante la e-Sanidad", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONTSI	"Estudio sobre comercio electrónico B2C 2011", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONTSI	"Informe Anual de los Contenidos Digitales en España 2011", Observatorio Nacional de las Telecomunicaciones y de la Sociedad de la Información (ONTSI), 2012.
ONU	"The state of broadband 2012: Achieving digital inclusion for all", ITU – UNESCO, 2012.



Liña 5 – COLABORACIÓNS

O OSIMGA, dou continuidade durante o ano 2012 ao importante capítulo das colaboracións, apoiando, organizando e integrando distintos grupos de traballo temáticos compostos por distintos organismos e institucións a fin de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2012, cabe destacar a sinerxia establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.



IGE

Federación de Autónomos de Galicia (Feaga)

CDTIC

Fundación Telefónica

INE

Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Red.es

Observatorio da Administración electrónica das CCAA.

Unidade de Muller e Ciencia

VOLDIX

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.





IGE

“Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas”

ORGANISMO



DESCRICIÓN

O Convenio de Colaboración, asinado o 19 de outubro de 2012, establece as condicións polas que se rexerá a colaboración, entre os dous organismos, para a integración dos indicadores da sociedade da información na poboación de Galicia dentro da enquisa de “condicións de vida” realizada polo IGE e para a obtención de datos sobre o desenvolvemento da sociedade da información nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE, no marco da “enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas” realizada polo *Instituto Nacional de Estadística*.

ÁMBITO

Fogares e empresas

INE (a través do IGE)

Inclusión de novos indicadores na “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas” do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas.

ORGANISMO



DESCRICIÓN

A través do IGE, abriuse unha liña de colaboración co *Instituto Nacional de Estadística* que fructificou na incorporación de novos indicadores na “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas”

ÁMBITO

Empresas

Ademais, a través do mencionado Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega e o IGE, obteranse datos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre o comercio electrónico correspondente ás empresas galegas.



Red.es (ONTSI)

Reunións de colaboración para analizar posibles sinerxias no sistema de indicadores e estudos temáticos

ORGANISMO

red.es

DESCRICIÓN

Durante o ano 2012, elaborouse un informe que analizou polo miúdo as posibles vías de colaboración entre o OSIMGA e Red.es.

Ademais, mantivéronse reunións para avaliar a posibilidade de cooperar na implantación dunha plataforma similar a ONTSI DATA na web do OSIMGA, estudando a viabilidade de reutilizar o código fonte. A segunda vía de colaboración foi a posibilidade de realizar conxuntamente futuros estudos temáticos que inclúan datos desagregados para Galicia.

ÁMBITO

Sistema de
Indicadores e estudos
temáticos

Telefónica

O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe “La Sociedad de la Información en España 2012”

ORGANISMO

Telefónica

Fundación Telefónica

DESCRICIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio vén desenvolvendo coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia en 2012 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe “La Sociedad de la Información en España 2012”, publicado en xaneiro de 2013.

ÁMBITO

Xeral



FEAGA

Informe “A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia”

ORGANISMO



DESCRICIÓN

O OSIMGA elaborou o primeiro estudo específico realizado en Galicia, con máis de 500 enquisas realizadas entre os autónomos galegos no ámbito das TIC. Este informe foi un punto de partida para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións que potencien a incorporación dos autónomos ás TIC.

A Federación de Autónomos de Galicia avalou os resultados deste estudo e participou na presentación deste informe, xunto coa Amtega.


ÁMBITO

Empresas

Unidade de Muller e Ciencia

Elaboración de cadernos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.

ORGANISMO



DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrara a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA que se concretou no ano 2012 coa elaboración do caderno “A incorporación da muller tecnóloga ao mercado laboral en Galicia”.

ÁMBITO

Cidadanía e empresas

Ademais, o OSIMGA realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, recabando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.



OBSAE

Participación no informe “A Administración electrónica nas Comunidades Autónomas”

ORGANISMO



ÁMBITO

Administración

DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co grupo de traballo “*Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas*”, dependente do *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

CENATIC

Consulta de datos sobre a implantación do Software Libre

ORGANISMO



ÁMBITO

Software Libre

DESCRICIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia de software libre que publica o Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en Fontes Abertas (CENATIC). Ademais, o OSIMGA ofreceu o seu apoio para facilitar os principais datos relativos á situación e evolución do Software Libre en Galicia.



Seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Aportacións de datos para o seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal



ÁMBITO

Xeral

DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da Axenda Dixital 2014.gal, a folia de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, e que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

CDTIC

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial

ORGANISMO



ÁMBITO

Empresas

DESCRICIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración co Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC), facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

No ano 2012, tamén se proporcionaron datos relativos ao uso das TIC por parte dos autónomos ou análises sectoriais específicas (sector téxtil, loxística,...)



VOLDIX

O OSIMGA facilita os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión.

ORGANISMO



DESCRICIÓN

Atendendo á demanda de información do proxecto “Voluntariado Dixital de Galicia” (VOLDIX), o OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat. O Observatorio proporcionou datos para detectar os principais colectivos en risco de exclusión sobre os que a Amtega, a través de VOLDIX, realiza actuacións específicas tendentes a reducir a fenda dixital.

ÁMBITO

Cidadanía

Plan eConcellos

Realización do estudo “A Administración electrónica nos concellos Galegos”



DESCRICIÓN

O OSIMGA publicou os resultados da Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia. Este traballo de campo foi realizado en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos concellos galegos.

ÁMBITO

Administración



Plan de Banda Larga

Aportacións de datos sobre a contratación de Internet que complementan o seguimento do Plan de Banda larga da Xunta de Galicia



ÁMBITO

Fogares e
Empresas

DESCRICIÓN

O OSIMGA realizou no ano 2012 dous informes específicos sobre os principais indicadores da contratación da banda larga en Galicia. Estes datos complementan ao seguimento da penetración e despregue que se realiza no marco do Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia.

Aportación de datos ad-hoc e para xornadas ou eventos

Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



ÁMBITO

Xeral

DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información ad-hoc sobre a Sociedade da Información en Galicia e a Amtega contou, en todo momento co respaldo do labor de observación e análise do OSIMGA, proporcionando datos específicos de áreas de interese para a súa difusión en diversos foros e eventos que se celebraron no ano 2012 (17 de Maio - Día de Internet e das Telecomunicacións, Mesa de Diálogo Social,...)



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e a Modernización de
GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



**XUNTA
DE GALICIA**